



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, por medio de Yolanda Díaz Pérez e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate Plenario, relativa ao accidente ferroviario de Angrois.**

Exposición de motivos

Hoxe presentan as vítimas do accidente de Angrois as máis de cen mil sinaturas para que se constituía, neste caso no Congreso, unha comisión de investigación. Aquí denegouse porque se ía estudar no Congreso. O certo é que non se investiga en ningures no eido político (a subcomisión parlamentar apenas foi outra cousa que un dos primeiros enganados do bipartidismo neste tema). Incluso a Comisión ministerial sobre accidentes ferroviarios incumpe a normativa europea, con sanción incluída, por non ser independente. No entanto os mortos, a dor e as mentiras non se depuran nunha falla de respecto flagrante para coa nosa sociedade.

O presidente de Adif, Gonzalo Ferre, negou que o tramo de liña ferroviaria entre Ourense e Santiago, onde en xullo de 2013 se produciu un accidente dun tren Alvia en Angrois que se cobrou a vida de 79 persoas e deixou máis dun centenar de feridos, sexa unha vía de alta velocidade.

Fíxoo durante a súa comparecencia, o pasado mércores 11, ante a subcomisión de estudo e análise do sistema ferroviario español do Congreso. Nela afirmou que o tramo Ourense-Santiago está xestionado pola empresa Adif e non por Adif Alta Velocidade porque non é unha liña de alta velocidade", senón unha liña convencional. Non obstante, esta afirmación contrasta coa propia Declaración sobre a Rede de Adif na súa versión actualizada de 2014, na que se sinaliza o tramo Ourense-Santiago como de alta velocidade, aínda que non se inclúa nos traxectos que xestiona Adif Alta Velocidad.

Ademais, os informes periciais coñecidos ata agora (cinco de seis, ao non ter sido trasladado ás partes o elaborado por Adif) coinciden en definir a liña Ourense-Santiago (denominada 'LAV082') como alta velocidade. Así, salientan cuestións sobre o proxecto construtivo, a súa licitación e adxudicación, e como esta "concíbese como unha liña interoperable integrada na rede transeuropea de Alta Velocidade".

Por outra banda o coñecemento de informes periciais evidencian tanto o cambio do proxecto orixinal coma a non adopción de medidas de seguridade paliativas ante a redución dos parámetros de seguridade realizados polo cambio do proxecto.

Neste asunto dirimíranse as responsabilidades penais que houber, pero estase a negar a posibilidade de determinar e depurar responsabilidades políticas nun asunto de tanta gravidade, o ser o maior accidente ferroviario da historia deste país, con 81 mortos, o que é imprescindible para o futuro e a saúde democrática deste país.

Houbo quen dende postos de responsabilidade tomou as decisións necesarias para acelerar as obras, aprobar a non posta en funcionamento do ERTMS, e que non tomou decisións para mellorar a sinalización, ou aplicar sistemas de redución automática da velocidade, que salvagardaran a vida das persoas en caso do sempre probable erro humano.

As vítimas e os seus familiares reclaman unha Comisión de Investigación porque queren que se asuman responsabilidades polos auténticos responsables, e que non aconteza que coma sempre pague o traballador, neste caso o maquinista.

Por todo o anterior o Grupo parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego acorda constituír unha comisión de investigación para determinar as responsabilidades políticas que poideran derivarse do accidente ferroviario de Angrois.

En Compostela, a 24 de febreiro do 2015.

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 24/02/2015 14:06:48



Yolanda Díaz Pérez na data 24/02/2015 14:06:54